

CERTIFICADO DE MOBILIDADE PARA A PRÁCTICA DO DEPORTE FEDERADO

D. VICENTE PASTORIZA SANTOS, con DNI ***9743**, en calidade de Secretario da Federación Galega de Orientación (FEGADO), de acordo cos datos obrantes nos arquivos da Federación,

- 1) Que os/as deportistas inscritos/as na competición oficial do calendario da Federación Galega de Orientación denominada **1ª PROBA DA XVII LIGA GALEGA DE RAIDS DE ORIENTACIÓN: II RAID FLUVIAL LUGO-CONCELLO DE BECERRÉA** teñen licenza federativa de Orientación en vigor para a tempada 2021 ou no seu defecto licenza de día que outorga aos deportistas o dereito a participar na competición segundo o Regulamento de Licenzas da Federación Española de Orientación (FEDO).
- 2) Que en caso de ser requiridos/as, os/as deportistas con licenza de tempada poden acreditarse mediante licenza federativa dixital a través da plataforma SICO da Federación Española de Orientación (FEDO). Os deportistas con licenza de día aportarán xustificante expedido pola organización ou no seu defecto xustificante de pago.
- 3) Que a relación de deportistas inscritos/as en dita competición federada, segundo a **lista validada polo Director Técnico da FEGADO**, Jorge Piñeiro Portela, con DNI ***1453** pódese consultar actualizada no seguinte enlace ao evento na propia web oficial da Federación Galega de Orientación:

[\[VER LISTADO OFICIAL DE EQUIPOS E DEPORTISTAS INSCRITOS por categorías \]](#)

- 4) Que para os efectos de xustificar a aplicación da excepción prevista punto primeiro, número 4, letra n), e coa limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno do punto cuarto, letra h), do Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, faise constar que todos eles/as:
 - a) **Pertencen á categoría de:**
 - Deportista federado/a participante en competición oficial con calendario de competición aprobado para a tempada 2021.
 - b) Vai participar na competición oficial incluída no calendario oficial da Federación Galega de Orientación a celebrar en:

Lugar de competición: Concello de Becerreá (mapas varios). Especialidades de trekking e bicicleta BTT. Centro de competición no recinto do Mercado Gandeiro de Becerreá.

Data e horario de competición: Sábado 13 de marzo de 2021. **8:00** apertura do centro de competición. **8:30** peche do centro de competición. **9:00** comezo das saídas graduadas nas categorías Raid-O 3.0 y Raid O 2+1. **10:00** comezo das saídas graduadas na categoría Orienta-Raid. **16:00** comezo de peche de meta na categoría Orienta-Raid. **18:00** comezo de peche de meta no resto de categorías.
 - c) A referida competición non pode celebrarse nun ámbito territorial que non exixa un desprazamento afectado polas limitacións á liberdade de circulación vixentes polas seguintes razóns:

Causas xustificadas. *Utilización de cartografía específica de Raid de Orientación | Deporte en espazos non urbanos para evitar a presenza de persoas | Requirimento da aplicación de técnicas de orientación en terreos non coñecidos: lectura de mapa, identificación de tipoloxías de vexetación, curva de nivel e identificación de elementos de cartografía, etc. | Práctica de eleccións de ruta empregando a diversidade da rede de camiños.*
 - d) Observacións:

-

E para que así conste, aos efectos oportunos expido e asino a presente certificación en Vigo a 11 de marzo de 2021.

NOTA da Dirección Técnica de Federación Galega de Orientación:

CERTIFICADO VÁLIDO exclusivamente para aqueles/as deportistas federados/as que figuren na lista oficial de inscritos e que cumpran os **requisitos de participación** establecidos pola organización nos boletíns do evento.